



INFORME DA SITUACIÓN DAS PERSOAS PERTENCENTES AO COLECTIVO LGBTI, ESPECIALMENTE DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE E DAS PERSOAS MAIORES, E DO TRATAMENTO DESTE COLECTIVO NO ÁMBITO SANITARIO, IDENTIFICANDO AS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A DESPATOLOXIZACIÓN DENTRO DO SISTEMA DE SAÚDE.

Este informe elaborouse mediante a colaboración das asociacións Avante LGBT+, Nós Mesmas, AEDIGAL (Asociación Empresarial para la Discapacidad Intelectual y del Desarrollo de Galicia), e a Universidade de Santiago de Compostela, no marco do grupo de traballo de Colectivos Vulnerables do Observatorio Galego contra a LGBTIfobia. AEDIGAL, que traslada o seu informe como entidade representante da Confederación de Empresarios de Galicia, indica que para o proceso de recollida de formación contaron co apoio das 29 entidades de atención a persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento que representan, e coa axuda do gabinete de formación e asesoramento sexual AMATURI. O gabinete presta dende fai anos asesoramento e formación ás entidades de Plena inclusión de Galicia.

Un primeiro borrador do informe foi presentado nunha xuntanza do Grupo de Traballo, do 5 de maio de 2023, durante a cal foron recibidas novas achegas que permitiron completar e matizar o texto, e ampliar o listado de medidas propostas.

Preséntase a continuación unha síntese da información trasladada, así como as fontes consultadas para dotar de rigorosidade ao informe.

1. En base á información que manexades, o persoal do ámbito sanitario conta coa formación suficiente e adecuada para atender ao colectivo LGBTI de forma digna e non estigmatizante?

Tanto por parte do asociacionismo LGBTI como por parte das institucións que achegan información, existe consenso ao sinalar que o persoal do ámbito sanitario non conta con formación nin suficiente nin adecuada para atender ao colectivo LGBTI.

Avante LGBT+ e Nós Mesmas trasladan numerosos testemuños que denuncian un trato que cualifican de inadecuado se non directamente degradante e LGBTIfóbico por parte do persoal do ámbito sanitario, incluído o persoal en teoría especializado en tratar co colectivo. En especial, denúnciase o descoñecemento sobre as identidades e itinerarios corporais das persoas non binarias, que denuncian sufrir ou unha negación da súa identidade e do acceso a tratamentos de afirmación de xénero como hormonación ou cirurxías, ou pola contra sufrir presións para

hormonarse e operarse, sen estar cómodas con estes tratamentos, para adecuarse ao que o persoal sanitario considera que é un itinerario de transición "correcto"¹.

Tamén denuncian un grande descoñecemento por parte do persoal sobre a normativa que se lles aplica, sobre os distintos tratamentos dispoñibles, e sobre información actualizada en relación a medicamentos, doses, vías de aplicación e pautas, así como posibles efectos secundarios ou contraindicacións.

En concreto, no caso da atención a persoas LGBTI con discapacidade intelectual e do desenvolvemento -PDCI-, AEDIGAL sinala que son poucas as entidades do eido socio-sanitario galego de atención ás PDCI as que contan con persoal formado especificamente para atender a persoas usuarias pertencentes ao colectivo LGBTI; aproximadamente un 10%. AEDIGAL engade que as formacións realizadas, na meirande parte dos casos -a excepción de 3 entidades-, foron accións illadas, sen continuidade no tempo. Resaltan así mesmo que as formacións e asesoramentos foron sufragados cos limitados recursos das propias entidades; en ningún caso se contou con axudas ou apoios de orixe público.

Desde o equipo de humanización do SERGAS sinálase a importancia de deixar constancia das experiencias vividas por pacientes LGBTI e acudir a atención ao paciente cando ocorre algunha vulneración de dereitos.

2. Cales son os principais factores que definen a situación de especial vulnerabilidade das persoas maiores LGBTI no contexto galego? De que recursos dispoñen para facer fronte a esta situación? Que recursos adicionais precisarían?

As asociacións sinalan como factores principais a falta de recursos económicos, a dispersión territorial, falta de confianza nas institucións, e o ocultamento da pertenza ao colectivo LGBTI fronte ao persoal socio-sanitario, xunto coa prevalencia do auto-odio a moitos niveis e falta de autoestima².

Teñen especial relevancia as súas escasas redes familiares, en moitos casos ao terse afastado do seu núcleo familiar para poder vivir a súa sexualidade ou sendo repudiadas por esta familia ao coñecer a súa identidade. Así mesmo, adoitan ser persoas soas e sen descendencia, dado que a posibilidade de casar e adoptar non existiron ata fai menos de dúas décadas para as parellas do mesmo xénero. Así, o acceso aos coidados é mínimo, situación que se volve crítica ao progresivamente volverse dependentes. O medo a que os servizos públicos de atención á dependencia, residencias ou hospitais, as traten maneira denigrante ou as obriguem

¹ Estudo realizado por Avante LGBT+ e Amizando Trans no ano 2021. Pode accederse a estratos das entrevistas na seguinte ligazón:

https://www.youtube.com/watch?v=XVQW7Zp_Yho&ab_channel=AvanteLGBT%2B

² Información resultante dunha entrevista realizada por Avante LGBT+ a integrantes da Fundación 26 de Decembro, entidade de maiores LGBTI.

a separarse das súas parellas dificulta enormemente o seu acceso a estes servizos, segundo indican as asociacións³⁴⁵.

Sínálase tamén un forte descoñecemento dos recursos dispoñibles para persoas con poucos recursos: bono social eléctrico, ingreso mínimo vital, RISGA ou outros ofrecidos polos concellos ou outras institucións, nomeadamente relacionados coa comida ou con servizos de coidado da saúde ofrecidos de balde por institucións académicas: perruquerías ou centros de podoloxía.

Todas estas circunstancias son agravadas pola fenda dixital, que dificulta o coñecemento e acceso a todo tipo de recursos públicos, sendo máis visible no caso do trato con entidades bancarias. Esta realidade pode ser máis grave no caso das mulleres, que de media tiveron menos oportunidades para acceder á formación e a un traballo asalariado que lles garanta unha pensión digna.

Desde AEDIGAL indícase que no caso das persoas LGBTI con discapacidades debe terse en consideración o envellecemento prematuro que sofren, polo que é posible que precisen acceso aos recursos para persoas maiores a idades máis temperás que o resto da poboación.

Desde Nós Mesmas sinalan como tamén outras interseccións no eixo de opresión como o estatus migratorio, a racialidade ou o feito de vivir co VIH intensifican todos os factores de vulnerabilidade listados previamente.

As consecuencias principais destes factores de vulnerabilidade son, segundo as asociacións: altas taxas de pobreza, unha alarmante prevalencia da soidade non desexada e problemas de saúde, tanto física como mental.

3. Cales son os principais factores que definen a situación de especial vulnerabilidade das persoas LGBTI con discapacidade no contexto galego? De que recursos dispoñen para facer fronte a esta situación? Que recursos adicionais precisarían?

As asociacións sinalan que, en varios aspectos, estes factores son semellantes aos que sofren as persoas maiores. Súmase a eles unha forte infantilización por parte das persoas coidadoras que lles dificulta ter unha vida afectivo-sexual plena, sendo esta realidade máis grave segundo maiores sexan as necesidades de apoio por parte das persoas con discapacidade. Aquelas con familias LGBTIfóbicas están, segundo indican os colectivos, nunha situación especialmente vulnerable, tanto no caso de discapacidades físicas como psíquicas, mais de maneiras diferentes. No caso de persoas con discapacidades intelectuais ou neurodiverxentes é común, segundo informan as asociacións e fontes consultadas, atribuír os seus desexos

³ https://link.springer.com/chapter/10.1007/978-3-030-74146-4_13

⁴ <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC5550622/>

⁵ <https://www.researchgate.net/publication/334409145>

homo/bisexuais ou a súa identidade de xénero trans ou non binaria como “resultado” da súa discapacidade. A raíz desta concepción, a súa identidade é reprimida ou negada, e límtase o seu acceso a espazos e recursos dirixidos ao colectivo LGBTI. As persoas trans autistas ou con discapacidade intelectual denuncian que é imposible acceder a un diagnóstico de disforia de xénero⁶ e a un tratamento hormonal, incluso nos poucos casos nos que contan con apoio familiar⁷.

AEDIGAL indica, froito do diálogo con profesionais e entidades, unha serie de cuestións máis concretas sobre as que é importante poñer o foco:

-Falta de acceso a recursos, información e educación sexual: É preciso procurar condicións respecto á sexualidade para as PDCI. É fundamental, sinala AEDIGAL, que as persoas con discapacidade intelectual aprendan tanto como sexa posible sobre sexualidade, saúde sexual e consentimento, pero sobre todo é indispensable a creación de espazos accesibles nos que poidan falar destas cuestións. Que conten con persoas na súa contorna con quen poder compartir inquedanzas, dúbidas ou medos, sobre os temas relacionados coa sexualidade.

-Pouca ou nula visibilidade e lexitimidade: AEDIGAL sinala que a falta de presenza de persoas con discapacidade nas representacións do colectivo e entre os seus referentes, é síntoma de que a sexualidade e xénero distintos da norma neste grupo non poden expresarse libremente. É necesario, segundo esta asociación, procurar recursos e apoios para dar visibilidade e lexitimidade, ofrecendo modelos e derrubando mitos e prexuízos, de maneira que nin profesionais, nin familiares contribúan a perpetuar os mitos que rodearon ao colectivo LGBTI e que están na raíz da desigualdade e a LGBTIfobia que tamén envorcan nalgúnhas persoas con discapacidade e que impide que se poidan expresar as sexualidades e identidade que están fóra da heteronormatividade. Ademais, reclaman facer accesibles e promover os medios necesarios para que aquelas PDCI quen non teñen conciencia explícita da diversidade afectivosexual e de xénero nin doutros conceptos relacionados coa sexualidade, ou que non se adecúan aos canons de beleza establecidos, sintan que poden ter e desenvolver a súa sexualidade coa mesma lexitimidade que calquera.

-Inexistencia dos apoios necesarios: desde AEDIGAL recalcan a importancia de promover que as PDCI poidan expresar a súa propia sexualidade, a súa identidade de xénero, a súa orientación do desexo así como as condutas que forman parte da súa erótica. Do mesmo xeito que noutros ámbitos da súa vida, ese apoio debe prestarse. Un apoio que facilite que a persoa poida vivir a súa propia sexualidade.

⁶ Se ben as asociacións LGBTI traballan pola despatoloxización das persoas trans, e polo tanto superar por a “disforia de xénero” como diagnóstico psiquiátrico, ata a aprobación no 2023 *da Ley 4/2023, de 28 de febrero, para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI* este diagnóstico era un requirimento para iniciar a transición legal e médica.

⁷ Información resultante dunha entrevista realizada por Avante LGBT+ a integrantes do Equipo DES, entidade galega de persoas LGBTI con discapacidade psíquica

-Recursos insuficientes que velen pola autonomía e autodeterminación das PDCI: Sinalan a necesidade de velar pola capacidade xurídica das persoas nestes temas, potenciando a súa capacidade de tomar decisións. No horizonte está a autodeterminación e o autocoidado polo que se trata de mellorar as condicións para que poidan optar á vivencia dunha sexualidade plena, satisfactoria e segura.

-Falta de apoio público e normativo: as persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento pertencentes ao colectivo LGBTI non contan con recursos públicos especializados -puntos de información, programas e/ou servizos especializados de apoio, normativa específica- que teñan en conta as particularidades da súa identidade e discriminación múltiple á que se poden ver sometidas.

4. Cales son os principais factores que definen a situación de especial vulnerabilidade das persoas trans no contexto galego? De que recursos dispoñen para facer fronte a esta situación? Que recursos adicionais precisarían?

Segundo o transmitido polas asociacións, as persoas trans atópanse en risco de exclusión social ou situación de vulnerabilidade debido á discriminación que sofren por parte da sociedade e que impacta sobre as súas vidas de maneiras múltiples. O factor de maior relevancia é a exclusión do mercado laboral, a cal segundo os estudos dispoñibles é causada pola combinación de catro circunstancias:

- Para comezar, o colectivo trans parece presentar unhas taxas de abandono escolar moi altas debido ao bullying LGBTIfóbico e aos problemas de saúde mental derivados da non aceptación da súa identidade e expresión de xénero por parte da súa contorna.

- A isto súmase a dificultade de acceder a un posto de traballo, derivada da transfobia das empresas contratantes, ou de manter este posto unha vez comezou unha transición ou se se descubre que é trans.

- A falta de apoio familiar ou perda total de contacto coa familia tamén é determinante, posto que no contexto galego segue a ser habitual acceder ao primeiro emprego grazas a contactos familiares; ou no caso do emprego público o feito de contar co apoio económico familiar é en moitos casos imprescindible para poder preparar unhas oposicións.

- Por último, atópanse as trabas e largas esperas que implica o proceso de cambio de identidade en toda a documentación, dificultando en grande medida o proceso de busca de emprego. Isto é especialmente grave no caso das persoas migrantes.

Dentro do ámbito da saúde, as persoas trans tamén denuncian sufrir transfobia por parte do persoal público a todos os niveis. As asociacións reportan dificultades para

obter derivacións á unidade de xénero, trabas para comezar a transición médica, listas de agarda eternas para calquera cirurxía de afirmación de xénero, transfobia e carencias formativas por parte do persoal de saúde mental, e constantes desabastecementos de hormonas que obrigan a parar o tratamento durante semanas ou meses, co correspondente impacto físico e psicolóxico.

Como recursos, ademais das asociacións LGBTI, contan cos recursos económicos asistenciais dispoñibles para o resto de poboación, como a RISGA, IMV ou PNC, mais estas axudas van vencelladas á prohibición de exercer a prostitución, requirimento que as asociacións consideran discriminatorio, segundo o sinalado no apartado 9 deste informe.

Dispoñen dunha instrución interna do SERGAS⁸ que, segundo denuncia Avante LGBT+, é enormemente limitada xa que só contempla menores trans, pero é o único recurso co que conta o colectivo para reclamar que se use o seu nome e xénero gramatical, así como para iniciar un proceso de transición médica.

5. En que grao considerades que se está a aplicar a lexislación en relación a estes grupos? Pon exemplos de como se aplica ou de que obstáculos se atopan na súa aplicación.

As asociacións consideran que non se están a aplicar adecuadamente os contidos da Lei 2/2014 e demandan ao goberno que garanta a formación necesaria do persoal público así como a elaboración de protocolos que garantan o trato digno e igualitario do colectivo.

6. Detectastes casos de actuacións LGBTIfóbicas por parte das institucións (Sistema Sanitario, residencias, enfermerías de penitenciarías...)? Detectastes outras trabas ou dificultades que atopen as persoas LGBTI no ámbito sanitario que sen ser directamente actuacións LGBTIfóbicas sexan relevantes para avaliar a situación destes colectivos vulnerables?

As tres asociacións reportan casos de actuacións LGBTIfóbicas por parte das institucións. Por parte de Nós Mesmas preséntase un rexistro de incidencias con 9 casos entre 2019 e 2022 (Anexo I), mentres que por parte de Avante LGBT+ se trasladan as conclusións, en formato vídeo, dun estudo realizado no ano 2021 en colaboración coa asociación Amizando Trans. Neste estudo realizaron entrevistas a 9 persoas trans usuarias do SERGAS de distintas idades, identidades e puntos da xeografía galega.

⁸ Instrución 13/2017 do 16 de outubro de 2017 pola que se establece o procedemento a seguir polos/as profesionais do Servizo Galego de Saúde para a atención á transexualidade das persoas menores de idade. <https://drive.google.com/file/d/1ha3lxtiXZ-E9MkrWIMaaMazKTmlkN5Mn/view?usp=sharing>

Entre as situacións denunciadas por Nós Mesmas atópase o uso repetido e en voz alta do nome de nacemento de persoas trans para chamar por elas, que se rexistre ás nais non xestantes en parellas de mulleres como "pai", a negación de probas diagnósticas por non ter relacións sexuais heterosexuais, negación de dereitos como a reprodución asistida ou o cambio de nome na tarxeta sanitaria alegando "descoñecemento" da normativa que outorga estes dereitos, e en xeral repetidos casos de trato discriminatorio ou vexatorio por parte do persoal sanitario.

Entre as situacións denunciadas por Avante LGBT+ e Amizando trans repítese a negativa a usar o nome e xénero gramatical das persoas trans. Ten especial peso un conxunto de situacións relacionadas entre si: as presións para realizar cirurxías non desexadas, reticencias a derivar cirurxías desexadas, presión para a administración de doses de hormonas superiores ás desexadas, ou a negativa a prescribir tratamentos hormonais. As asociacións denuncian que o persoal sanitario entende as transicións médicas como un "todo ou nada", no cal ou as persoas trans aceptan realizar todas as operacións e hormonacións posibles para encaixar nos estereotipos do seu xénero vivido, ou son consideradas "non suficientemente trans" e, polo tanto, excluídas de calquera tipo de procedemento ou tratamento. Denuncian tamén a práctica normalizada de realizar probas de ITS a persoas trans, sen o seu coñecemento ou consentimento, ao comezo da súa transición médica.

Ademais, Avante LGBT+ traslada denuncias relativas a LGBTIfobia na atención primaria, en especial referidas a casos nos que a vítima solicitaba analíticas de ITS e o persoal facultativo ou se negaba a tramitar a solicitude ou facía comentarios homófobos. Rexistran tamén denuncias contra profesionais da psiquiatría e da psicoloxía que atenden a persoas trans, que fan preguntas invasivas sobre a súa sexualidade (varias vítimas indicaron que lle fixeron preguntas tipo "como te masturbas?" ou "en que pensas cando te masturbas?"), que non teñen relación coa súa identidade de xénero. Denuncian tamén que as persoas trans se ven obrigadas a asistir ás citas "disfrazadas" posto que se non levan roupa "feminina" no caso das mulleres trans ou "masculina" no caso dos homes trans, ven cuestionada a súa identidade e ven perigar a posibilidade de continuar coa súa transición médica.

7. De que maneira detectastes que afecta o capacitismo ás persoas LGBTI, e de que maneira afecta a LGBTIfobia ás persoas con discapacidade?.

Segundo trasladan as asociacións, a LGBTIfobia afecta ás persoas con discapacidade provocando a imposibilidade de vivir a súa sexualidade de maneira libre para ter unha vida plena, para ter a posibilidade de forxar relacións de parella ou vivir acorde ao seu xénero, así como a súa posibilidade de acceder a servizos públicos pola desconfianza nas institucións e medo á LGBTIfobia. O capacitismo aféctalles dificultando o seu acceso a espazos LGBTI ou a calquera tipo de servizo dirixido cara este colectivo posto que adoita ignorarse a realidade das persoas con discapacidade. Cuestións como a presenza de ramplas, intérpretes, cadeiras, ou

como os horarios e acceso, afectan especialmente ás persoas con discapacidade e á súa posibilidade de socializar con outra xente do colectivo. Tamén sinalan as asociacións que a invisibilización das persoas con discapacidade entre o colectivo fai especialmente necesario promover referentes positivos.

8. Traslada outra información que consideres relevante sobre a situación das persoas LGBTI vulnerables (persoas maiores e con discapacidade) no contexto galego.

Desde a USC indícase que se ben se realizan iniciativas formativas, falta por desenvolver unha atención integral á comunidade LGBTI. O 22 de decembro de 2022, o Congreso dos Deputados aprobou a Lei Orgánica do Sistema Universitario que entrará en vigor ao longo do 2023. Nesta lei recóllese a obrigatoriedade de que cada universidade conte cunha Unidade de Diversidade. Esta ferramenta específica, que algunhas universidades como a UVigo xa teñen desenvolvida, poderá traballar en políticas que apunten directamente ao cumprimento da lexislación vixente.

9. Que outros grupos dentro do colectivo LGBTI considerades que se atopan nunha maior situación de vulnerabilidade no contexto galego? Que caracteriza esta situación de vulnerabilidade e como se pode mellorar?

Avante LGBT+ e Nós Mesmas sinalan os seguintes grupos vulnerables dentro da comunidade LGBTI, indicando de maneira superficial que caracteriza esta situación de vulnerabilidade. Para acadar unha diagnose máis pormenorizada da realidade destes grupos e que medidas son necesarias para mellorar as súas condicións de vida sería preciso un traballo específico.

-Persoas migrantes: en especial no caso das persoas trans, xa que non teñen acceso a documentación co seu nome e sexo ata que conseguen a nacionalidade, proceso que pode levar 10 anos. Sen conseguir documentación que se corresponda co seu aspecto físico é, segundo indican as asociacións, case imposible atopar traballo ou alugar unha vivenda, sendo o traballo sexual a única alternativa viable.

-Traballadoras sexuais: a estigmatización das traballadoras sexuais segue a ser un factor determinante na súa exclusión social e limitación do seu acceso a recursos que están dispoñibles para outras persoas do colectivo LGBTI. O feito de que exercer a prostitución supoña que sexan expulsadas de programas como a RISGA é especialmente grave, segundo indican os colectivos.

-Persoas sen fogar: a nivel global dáse unha grande porcentaxe de persoas LGBTI entre a poboación sen fogar, en moitos casos por ser expulsadas da casa familiar, ou por fuxir dela para evitar a violencia e control que sofren. Moitos dos recursos dispoñibles para as persoas sen fogar están xestionados pola igrexa católica, polo que, en moitos casos non se atende adecuadamente ás persoas LGBTI. Os roupeiros



sociais xestionados pola igrexa adoitan repartir a roupa segundo sexo asignado ao nacer, non xénero vivido.

-Persoas que viven en zonas rurais: menor acceso a comunidade de pares, menor acceso a recursos dirixidos ao colectivo LGBTI (recursos asistenciais, informativos, de saúde sexual, asociacionismo), menor acceso ao mercado laboral, e menos posibilidades de atopar parella, o cal é un factor relevante á hora de valorar deixar unha relación tóxica ou violenta.

-Vítimas de violencia de xénero ou intrafamiliar: os servizos dirixidos a estas vítimas están deseñados para atender a mulleres cisheterosexuais, e cando acoden a eles outras persoas nalgúns casos non son ben atendidas. O persoal carece da formación adecuada, e non sabe que recursos poden ser usados por estas persoas.

-Menores LGBTI sen apoio familiar: estas persoas están sometidas a unha forte presión psicolóxica, control estrito e a ameaza de ser expulsadas da súa casa.

A asociación CASCO pide engadir como colectivos vulnerables os dous seguintes

-Mulleres LBTI, pola intersección do machismo e violencias de xénero coa LGBTIfobia.

-Persoas sen recursos, como colectivo diferenciado das persoas sen fogar, alegando que pode haber persoas LGBT que vivan en casas de familiares ou amizades pero non teñan recursos económicos para subsistir.

-Mención especial ás persoas migrantes que viven con VIH e que teñen especiais dificultades para obter a medicación para combater o virus.

Propostas de medidas dirixidas á colectivos vulnerables dentro da comunidade LGBTI:

- Promoción da educación sexual das persoas con discapacidade psíquica. A Educación sexual debe, segundo AEDIGAL, ter carácter continuo e transversal ao resto de apoios que se presten ás PDCl. É preciso, polo tanto, facilitar recursos para formar e sensibilizar a profesionais e familiares e que estes fagan un esforzo por adaptar os distintos materiais e recursos para favorecer a comprensión de cada persoa ou grupo concreto. É fundamental a edición de materiais dirixidos e/ou adaptados directamente ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento. A accesibilidade cognitiva debe ser prioritaria tanto para os materiais educativos como eróticos.

- Campañas de sensibilización e de visibilización da diversidade sexoxenérica entre as persoas con discapacidade psíquica e física, creando referentes positivos e

sensibilizando a familias e persoal coidador de que este colectivo existe e ten dereito a vivir a súa sexualidade e identidade de maneira digna e libre.

- Garantir que os servizos de apoio ás persoas con discapacidades físicas ou psíquicas contemplen como parte da necesidade das mesmas para vivir unha vida plena a posibilidade de establecer relacións sexoafectivas con persoas do seu mesmo xénero, se é así o seu desexo, ou atravesar unha transición social e/ou médica.

- Protocolos unificados de atención ás persoas trans dentro do SERGAS, elaborados en colaboración con organizacións de persoas trans. Desde Avante LGBT+ indican que quen debe colaborar na elaboración dos mesmos deben ser sempre as persoas trans e non as súas familias. Estes protocolos deben ser postos en coñecemento de todo o persoal sanitario e estar dispoñibles para consulta por parte das pacientes.

- Formación de todo o persoal sanitario en atención ás persoas LGBTI, formación obligatoria, presencial e continuada ao longo da súa vida profesional, non limitada ao inicio.

- Existencia da figura de persoa mediadora para que acompañe e asesore a persoas LGBTI no caso de producirse conflitos coas institucións, en especial no caso do SERGAS.

- Información accesible e clara sobre os dereitos sanitarios do colectivo LGBTI, a que procedementos teñen acceso e como iniciais, vías para denunciar en caso de sufrir trato degradante e asesoramento gratuíto.

- Formación en atención ás persoas LGBTI de todo o persoal público dedicado aos coidados de persoas maiores, tanto permanentes como puntuais.

- Campañas de sensibilización sobre a realidade LGBTI nas residencias de maiores para evitar o bullying LGBTIfóbico por parte de persoal ou persoas usuarias.

- Establecemento de pisos de acollida temporal para persoas LGBTI especialmente vulnerables.

- Dotación de máis recursos dentro da sanidade pública para acortar as listas de agarda, que se fagan en Galicia cirurxías de afirmación de xénero, en especial mamoplastias (tanto masculinización como feminización de peito), vaxinoplastias, histerectomías, e rascado de cordas bucais, así como acceso a logopedas para asesoramento na modulación da voz.



Anexo I: Rexistros da Asociación Nós Mesmas de incidentes LGBTIfóbicos no contexto sanitario galego nos últimos 4 anos

2019 Muller Trans heterosexual, 27 anos, migrante, acude a urxencias do Álvaro Cunqueiro por conducta autolítica derivada de depresión pola súa situación persoal de imposibilidade de realizar o cambio rexistral en España, cando é chamada en varias ocasións, a viva voz, polo nome rexistral aínda que consta no seu expediente médico a súa condición e nome sentido. Presentase queixa ao Sergas que responde cunha carta de desculpas.

2020 Muller cis bisexual, 36 anos, informa de que a documentación que lle dan a cubrir e asinar en Reprodución Asistida do Sergas é excluínte para ela e a súa parella xa que teñen que cubrir unha delas no espazo para o "pai". Presentan queixa ao Sergas, contesta con carta dicindo que a unidade de Vigo deberá cambiar a documentación.

2020 Muller cis lesbiana, 35 anos, informa de que a súa xinecóloga non lle fixo unha citoloxía xa que non ten relacións con penetración (con pene) e polo tanto non é necesaria.

2020 Muller cis lesbiana, 60 anos, informa de que, ao plantexarlle ao psicólogo (Seguridade Social) que a súa depresión ten moita relación con como viviu a súa sexualidade na súa mocidade, ignóraa e non afonda no tema con ela nin o volve a tocar.

2021 Muller trans bisexual 27 anos, migrante solicitante de asilo internacional, informa de que no seu Centro de Saúde néganlle desde admisión o cambio de nome na tarxeta sanitaria ao atoparse en situación de regularización. Presentouse queixa no Sergas e aos poucos días a chamaron para realizar o trámite.

2021 Muller cis lesbiana 35 anos, informa de que o persoal de Reprodución Asistida do Sergas, descoñece un procedemento concreto administrativo para o caso de parellas de mulleres, facéndoa firmar unha documentación como se fose o "pai e doante" que non casa coa súa situación. Pedindo explicacións recibe moi malas respostas por parte das enfermeiras. Non quere presentar queixa nin denuncia.

2021 Menor trans, 15 anos, informa en varias ocasións como a enfermeira que lle corresponde no seu centro de saúde, négase a tratalo en masculino e co seu nome. Falamos coa familia e non quere presentar queixa nin denuncia.

2022 Muller cis bisexual, 37 anos, informa do descoñecemento por parte das matronas nos cursos de pre-parto así como a ausencia total da súa realidade (muller con parella muller) no curso e no trato que recibe por parte da matrona.

2023 muller trans lesbiana 22 anos, acuda a urxencias do Hospital Povisa, cando a doutora que a atende comeza a tratala en masculino e non cesa ata que a ameaza con denunciála. Non quere presentar ningún tipo de queixa ou denuncia.